

# CONCELLO PLENO

## ACTA DE SESIÓN

**ORGANO:** CONCELLO PLENO  
**ACTA NUMERO:** 2007/10  
**CARACTER:** EXTRAORDINARIO  
**CONVOCATORIA:** Primeira.  
**DATA:** 16 de xuño de 2007.

---

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as once horas do día **16 de xuño de 2007** reuniuse o Pleno do Concello en SESION CONSTITUTIVA da nova Corporación Municipal resultante das Eleccións Municipais celebradas o pasado 27 de maio de 2007.

### Concelleiros electos presentes na sesión:

#### B.N.G.

D.Fernando Suárez Barcia  
D. Vicente Castro Reigosa  
Dona Mari Luz Alvarez Lastra  
D.Horacio Cupeiro Rodriguez

#### P.P.

D.José Carlos Rodríguez Andina  
D. José Duarte Díaz  
Dona Begoña Sanjurjo Santar  
D.Jesús López Penabad

#### PSG-PSOE

D. Balbino E.Pérez Vacas.  
D. Carlos Pérez Méndez.  
Dona María José Rodríguez Arca

#### U.P.R.I.

D.Francisco Rivas Alvarez  
D.Agustín Reymondez Gancedo.

### Secretario Xeral:

D.Manuel J.Díaz Sánchez.

### Interventora:

Dona María Jose Vázquez Rigueira.

Comprobado pola Secretaría Municipal que asisten a totalidade dos Concelleiros electos e polo tanto existe o quorum requerido, procédese á constitución da mesa de idade integrada por D. Jose Duarte Díaz Concelleiro de maior idade como Presidente e D. Fernando Suárez Barcia concelleiro de menor idade e como Secretario o da Corporación. Declárandose aberto o acto pola Presidencia para levar a cabo a sesión constitutiva.

### **2007/01/32.- CONSTITUCION DA CORPORACION.**

A instancia da Presidencia o Secretario Municipal informa que a totalidade dos Concelleiros electos cumpriron cos dous requisitos necesarios para a toma de posesión: Presentación da credencial expedida pola Xunta Electoral de Zona e mai-la presentación para o rexistro de intereses na súa dobre vertente de patrimonio e actividades e causas de posible incompatibilidade, efectuándose a comprobación material subseguinte das credenciais.

Igualmente por Secretaría dase conta do disposto a efectos de elección de Alcalde no artigo 196 da vixente Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral.

Procédese de seguido á promesa ou xuramento de acordo coa fórmula oficial do RD 707/1979, facendoo en primeiro lugar , conforme á mesma ,o Presidente e Secretario da Mesa de idade D. José Duarte Díaz (que xura o cargo) e D. Fernando Suárez Barcia (que promete o cargo), e seguindo a orde dos Grupos respectivos dos Concelleiros electos:

Dona María Luz Alvarez Lastra (promete)

D. Vicente Castro Reigosa (promete)

D. Horacio Cupeiro Rodríguez (promete)

D. José Carlos Rodríguez Andina (xura)

D. José Duarte Díaz (xura)

Dona Begoña Sanjurjo Santar (xura)

Don Jesús López Penabad (xura)

D. Balbino Enrique Pérez Vacas (promete)

D. Carlos Pérez Méndez (promete)

Dona María José Rodríguez Arca (promete)

Don Francisco Rivas Alvarez (xura)

D. Agustín Reymondez Gancedo (promete).

Unha vez tomada posesión pola totalidade dos Concelleiros, procedeuse pola presidencia a declarar formalmente constituída a nova Corporación Municipal.

### **2007/02/33. ELECCION DE ALCALDE-PRESIDENTE.-**

Toda vez que así se manifesta polos presentes , son candidatos á Alcaldía todos os cabezas de lista dos diferentes Partidos, sendo candidatos polo tanto, don Fernando Suárez Barcia polo BNG, D. Jose Carlos Rodriguez Andina polo PP, don Balbino E. Pérez Vacas polo PSG-PSOE e don Francisco Rivas Alvarez polo UPRI.

Por unanimidade, sen votación formal, resólvese a celebración de votación ordinaria para a elección de Alcalde obténdose o seguinte resultado:

D. Fernando Suárez Barcia, 4 votos.

D. José Carlos Rodríguez Andina, 4 votos.

D. Balbino E. Pérez Vacas, 3 votos.

D. Francisco Rivas Alvarez , 2 votos.

Toda vez que non obtén ningún dos candidatos a maioría absoluta dos votos dos membros da Corporación, de conformidade co preceptuado no artigo 196.c da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, 5/1985, de 19 de xuño, e normativa complementaria, queda proclamado Alcalde-Presidente do Concello D.Fernando Suárez Barcia do Grupo Municipal do BNG, como Concelleiro que encabezou a lista que obtivo o maior número de votos populares no municipio.

De seguido o Sr.Suárez Barcia pasa a ocupar a Presidencia da sesión e promete-lo cargo de Alcalde-Presidente do Concello de Ribadeo segundo a fórmula do RD 707/1979.

A continuación o Sr.Alcalde procede a dar lectura ao seguinte texto a modo de discurso de investidura:

“Compañeiros de Corporación Municipal, amigas e amigos que hoxe nos acompañades neste Pleno, veciños e veciñas de Ribadeo:

Os resultados das eleccións municipais do pasado 27 de maio fixeron do Bloque Nacionalista Galego a forza política máis votada de Ribadeo, e convertérona por tanto, na gañadora das mesmas. A libre vontade dos cidadáns expresada nas urnas échenos, como non podía ser doutra maneira, de satisfacción, orgullo e responsabilidade, e é ela a que me permite hoxe sentirme honrado por poder dirixirme a todos vostedes en calidade de Alcalde do noso pobo.

Desde este mesmo intre, no Bloque Nacionalista Galego só temos un pensamento e un obxectivo: non defraudar as expectativas xeradas e traballar arreo pola consecución dun Ribadeo con máis prosperidade e benestar, desexo este que estou seguro que todos, votase cadaquén o que votase nas pasadas eleccións, compartimos hoxe e sempre. Mais obviamente somos conscientes de que para gobernar con acerto non chegan as boas palabras nin as boas intencións, nin tampouco contar co aprezo e o respecto dos veciños. Para ser un bo goberno fai falla, sen dúbida e sobre todo, ter ideas, capacidade de traballo, honradez e entrega ás labores encomendadas, e cremos humildemente que os nosos concelleiros reúnen todas estas cualidades.

É por iso que para nós vai ser un reto conseguir un Goberno eficiente, eficaz e estable, un Goberno Municipal ao servizo dos cidadáns, que defenda sempre os intereses xerais dos veciños de Ribadeo e os antepoña a calquera outros, sexan do tipo que sexan. Nós sentímonos orgullosos de poder gobernar Ribadeo e de facelo desde as nosas ideas e desde os nosos plantexamentos, mais temos sempre presente que gobernamos para todos os veciños e veciñas, para o conxunto da cidadanía. Cremos na política unicamente como servizo á sociedade, coma un labor que sempre é nobre cando se fai desde a honradez, a responsabilidade e a lealdade ás propias ideas e nunca coma unha sorte de profesión con chanzas a subir e egos que alimentar para os que a practican.

No BNG, amigos e amigas, temos ideas e valores, cremos nos proxectos que defendemos e non nos escondemos cando se pide a nosa opinión. **O Ribadeo** aberto e cosmopolita de tradición culta e liberal, o Ribadeo republicano, agrario e galeguista, o Ribadeo de Francisco Lanza e de Claudio Pérez Prieto, o Ribadeo da Frente Popular e da loita pola democracia e as liberdades, o Ribadeo que mantivo a dignidade intacta e non perdeu a memoria durante a longa noite do franquismo, o Ribadeo que hoxe gozamos en feliz convivencia e harmonía xentes nadas aquí e acolá, compartindo culturas, linguas e tradicións diferentes, pero sobre todo, ilusións semellantes por unha vida mellor para os nosos, **é sempre o noso Ribadeo**, un río de auga limpa que nos dá de beber e nos pon na boca o desexo da felicidade para os homes.

O Goberno Municipal do noso concello vai apostar claramente por políticas sociais e progresistas, e isto en Galiza significa apostar por garantir o acceso á vivenda, por crear emprego estábel e de calidade, por investir en educación e en cultura, por conservar o medio ambiente e por aproveitar a nosa identidade e sustentar nela o noso modelo de desenvolvemento e de progreso. O noso programa electoral non era un conxunto de medidas ailladas, senón un contrato coa cidadanía, un proxecto integral a desenvolver nos vindeiros anos para facer de Ribadeo a pequena cidade que estamos seguros que vai chegar a ser, e na que cal as persoas, e non os intereses económicos, deben ocupar o centro da nosa vida social e política.

Hoxe comeza aquí, pois, o noso pacto por Ribadeo, o pacto deste novo Goberno. Un pacto que queremos facer con todos os veciños, votasen ou non por nós. **O pacto do BNG** vai ser o pacto do Goberno Municipal cos veciños de Ribadeo, coa defensa dos intereses xerais da nosa vila e das nosas parroquias, e nada máis que iso centrará a nosa atención aquí en diante. O labor importantísimo que lle corresponde facer aos grupos da oposición estamos seguros que se guiará tamén polo mesmo desexo de servizo aos cidadáns e ao ben común do concello, e neste sentido agardamos que a xenerosidade e a altura de miras de todos os grupos políticos aquí presentes, representantes durante os próximos catro anos da vontade popular, sexan o alicerce que nos permita afirmar, sen temor ao erro, que por riba dos intereses partidarios, esta Corporación Municipal vai traballar conxuntamente polo progreso de Ribadeo e de todos os ribadenses. Eu, como alcalde, esforzarei por manter a unidade de todos arredor deste desexo que veño de formular, porque estou seguro, amigos e amigas, que todos, desde as nosas lexítimas diferencias, queremos sempre o mellor para Ribadeo, concello de todos nós e porta norte da nosa nación.

Máis nada e moitas grazas a todos e todas.”

Os asistentes aplauden a intervención do Sr.Alcalde.

O Sr.Alcalde levántase e sauda os restantes candidatos á Alcaldía.

Intervén a continuación o Sr.Duarte Díaz,Concelleiro do Partido Popular, que previa autorización da Alcaldía efectúa unha intervención do seguinte tenor:a

“Ben , por benevolencia do Sr Alcalde eu quero dicir unhas palabras que veñen moi a conto co que estamos facendo hoxe;Nouraboa!

Imos a ver, eu creo que hoxe, aparte de elixir un Alcalde - e o felicito enormemente , ¡outra enhorabuena, aínda!,- temos que felicitar o pobo de Ribadeo, e vou explicar porque : Felicitamos o pobo de Ribadeo porque neste momento cumpriuse a vontade do pobo de Ribadeo , que é que a lista máis votada sexa a que leve o mando da Alcaldía. Cousa que fai catro anos , e non é reproche de nada , a lista máis votada quedou relegada, quero dicir que dalgunha forma o pobo votou e non se cumpriu a súa expectativa .

Neste momento estase cumprindo a súa expectativa , por eso dobre noraboa , ó Sr Suárez por ser Alcalde , e dobre noraboa , porque esta Corporación teña tido o valor , podendo facer consensos aparte, de respectar que a lista máis votada sexa a que dirixa o Alcalde, e o Concello de Ribadeo. E eso , nada mais, e moitas grazas.”

E aplaudida tamén a intervención do Sr.Duarte Díaz polos asistentes.

O Sr.Alcalde pregunta ós representantes dos outros Partidos se desexan facer algunha intervención, ó que responden negativamente.O Sr.Alcalde agradece públicamente a totalas persoas presentes a súa asistencia a este acto, e manifesta que quedan catro anos de moito traballo e que cree que , como mencionou hai unhas instantes, no discurso de investidura, agarda que todos estén á altura , e teñan a Ribadeo por enriba de calqueira outra confrontación.

Os asistentes voltan a aplaudir.

Sendo as once horas e vintecinco minutos e non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde levanta a sesión extendéndose de todo isto a presente acta do que eu Secretario dou fé. Faise constar que obra no expediente da sesión conforme ao disposto no artigo 36.2 do R.O.F. a documentación pertinente do arqueo e a documentación existente relativa ao Inventario do Patrimonio Corporativo

O ALCALDE,

O SECRETARIO,